10	A civilización grega. A orixe da democracia.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora unha liña temporal simple sobre a civilizaicón grega.	PE	80
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Entende a importancia da antiga Grecia para o desenvolvemento da democracia como sistema político.		
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Responde a preguntas simples sobre textos históricos.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Describe as características básicas da Hélade.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica na cultura europea actual algún trazo da antiga civilización grega.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa nun debate sobre as diferenzas entre a democracia grega e a actual.		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Interpreta de forma crítica o papel da muller na sociedade da Grecia antiga.	TI	20
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece a importancia do legado artístico da civilización grega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
11	A civilización romana. Un imperio mundial.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Sitúa nun mapa a área de máxima expansión do imperio romano.	PE	70
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Describe e identifica as características básicas da civilización romana.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entende a influencia de Roma na conformación da idenetidade europea.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora unha liña do tempo da civilización romana.	TI	30
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Responde a preguntas sobre textos históricos.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Coñece e interpreta críticamente a situación da muller e dos escravos na antiga Roma.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Atopa na súa contorna pegadas da civilización romana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</p> <p>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e</p>

Contidos

- artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.
- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.
- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
12	Hispania e Gallaecia na Antigüidade.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Recoñece o territorio que formaba parte da Gallaecia romana.	PE	70
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Recoñece os trazos principais da cultura castrexa.		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Recoñece nun mapa as diferentes fases da ocupación romana da Península Ibérica.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entende a influencia de Roma na nosa identidade cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Identifica as pegadas do Reino Suevo en Galicia.	TI	30
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía irá encamiñada a favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido, de xeito que adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo, permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Trataremos de exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do xeógrafo e do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade xeográfica e xeopolítica actual.

En historia a organización dos saberes poderá aboradarse dende unha perspectiva cronolóxica ou ás veces transversal, en función das situacións de aprendizaxe concretas, incidindo sempre na contextualización histórica dende un enfoque multicausal.

En xeografía traballaremos aspectos da realidade mediante a observación directa ou indirecta insistindo na interpretación de gráficos e mapas e elaboración dos mesmos a partir de datos; tamén mediante a elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ou o patrimonio artístico da contorna.

A motivación é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudio conecten directamente cos intereses do alumnado. O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas da súa contorna, etc. constitúen estratexias motivadoras e atractivas.

Empregaremos distintas estratexias metodolóxicas, tanto en Historia como en Xeografía, en función dos contidos a tratar. Partindo destas consideracións as distintas Unidades Didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas. Para outros contidos, as estratexias de descubrimento ou de indagación, mediante materiais que se lle proporcionen, tamén serán necesarias porque o alumnado, ao indagar en diversas fontes, constrúen o seu propio coñecemento en lugar de recibir a información xa elaborada.

O plan de traballo na clase variará segundo os temas a tratar:

Para a ensinanza de parcelas máis antigas que é difícil que o alumnado se sitúe, ou para aspectos da Historia e/ou da Xeografía que, polo seu afastamento espazo-temporal, non teñen unha repercusión recoñecible no contorno, será:

- A presentación dos problemas por parte do profesor.
- A consideración conxunta profesorado-alumnado das distintas alternativas posibles de interpretación.
- O acordo sobre a natureza e sobre as causas do proceso histórico e/ou xeográfico en cuestión.
- A ilustración e comprobación das conclusións con exemplos concretos, sempre que sexan procesos xerais.

Para abordar os aspectos relacionados co mundo actual, a vía será partir do concreto para chegar ao abstracto e, apoiándose en datos da contorna próxima, inducir a curiosidade de por que é así e ir relacionando o local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar unha comprensión de estruturas e de procesos máis amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das súas referencias máis xerais.

A primeira das actividades de cada unha das Unidades Didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas e para que o alumnado manifieste as súas opinións e sexan conscientes do que coñecen e do que descoñecen. Así estaremos en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías, etc.

En todo caso adicaránse sempre os primeiros minutos de cada periodo lectivo a recapitular o traballo do día anterior e os seguintes a explicación dos contidos por parte do profesor cando corresponda, ou a realización de actividades por parte dos alumnos, atendendo o docente as necesidades de cada un, resolvendo dúbidas, aclarando conceptos ou proporcionando información complementaria de xeito individualizado. As preguntas e consulta de dúbidas por parte dos alumnos terán cabida preferentemente nos minutos finais. Procurarase que o tempo adicado a explicacións non supere a metade do total lectivo, reservando a este fin as sesións máis idóneas que permita o horario (primeiras horas da mañá, antes do recreo...). Cando sexa necesario o grupo trasladarase ás aulas de informática ou audiovisuais para realizar actividades programadas: consulta de información, realización de traballos, visionado de películas ou documentais, visionado de diapositivas...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Xeografía e Historia 1º ESO proxecto "Construindo mundos", de Obradoiro Santillana.
Atlas e mapas.
Apuntamentos do profesor.
Aula virtual.

Caderno de traballo de cada alumno e alumna.

O libro de texto e o atlas de Xeografía son o material básico para o alumnado, pero non exclusivo. Os apuntamentos ou esquemas puntuais por parte do profesor que amplían ou completan a información do libro, así como outro material complementario que resulte oportuno en función do desenvolvemento de cada unidade: visionado de documentais -completos ou fragmentos-, artigos de prensa...

A Aula Virtual tamén será un recurso que aproveitaremos, para realizar tarefas, enviar apuntamentos e comunicarnos co alumnado.

O caderno de traballo será o lugar onde o alumno e alumna recollan todas as tarefas que se lle encomenden, polo que debe estar sempre en perfecto orden. Estas tarefas, en todo caso, estarán sempre adaptadas ás características de cada alumno e alumna, adaptándose tamén os tempos para a súa realización. Doutra banda, o diario do profesor será o documento que recolla as incidencias que vaian aparecendo cada día na aula en relación co seguimento e a aprendizaxe do alumnado, a fin de corrixir estratexias se fose preciso ou reafirmase nas empregadas se o resultado é bo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. Procedemento para a avaliación inicial.

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

a) Do grupo da clase:

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnado con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.
- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

b) De cada alumno e alumna en particular:

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros compañeiros e compañeiras.
- Proba de avaliación inicial.

As actividades de preavaliación ou avaliación inicial levaranse a cabo preferentemente durante as dúas primeiras semanas do curso escolar. Irán referidos á materia Coñecemento do Medio do último ciclo de Primaria. Partirá da análise do expediente académico do alumno no curso anterior e dos informes dos que se poidese dispoñer, e consistirá na observación do traballo na aula estes primeiros días e na realización dunha proba que pode ser escrita ou oral enfocada preferentemente aos aspectos prácticos da materia. Ademais avaliarase os niveis de lectura, expresión oral e escrita de cada alumno.

Nas sesións de preavaliación o profesor aportará a información de que dispoña de cada alumno e adoptaránse as medidas de adaptación pertinentes que procedan en cada caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	5	5	5	10	10	10	10
Proba escrita	80	80	80	80	80	40	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	60	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	100
Proba escrita	70	70	76
Táboa de indicadores	30	30	24

Crterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle dá aos instrumentos de avaliación resultando que o das probas escritas é do 80% e o das táboas de indicadores un 20% en todas as unidades agás a 6, 11 e 12. Na nº 6 ,que versa sobre o medio físico dos continentes a táboa de indicadores pesa un 60% fronte ao 40% da proba escrita. Nas unidades 11 e 12 a proba escrita supón o 70% e a táboa de indicadores o 30%. Deste xeito, no cómputo total da programación as probas escritas terán un peso do 74% e as táboas de indicadores do 26%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que teremos previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; resumos; preguntas sobre imaxes, mapas ou gráficos, etc.; pósters, presentacións en ordenador, intervencións orais, etc. Estas tarefas quedarán reflectidas no caderno de traballo de cada alumno e alumna, a excepción das que deban ser recollidas en outro soporte. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.

Cualificación:

A nota final de cada avaliación procederá da media das probas ou exames que se realicen, multiplicada pola ponderación correspondente (0,8, 0,4 ou 0,7, según proceda), e das rúbricas coas que se califique o resto das actividades na porcentaxe restante. Entre estas, as actividades reflectidas no caderno de clase e as intervencións e participación activa e a actitude cara a materia serán esenciais. Como norma xeral realizarase unha proba por cada unidade didáctica ou tema. O caderno de clase revisárase unha vez cada trimestre, e a súa cualificación terá en conta, tanto a presentación (orde, limpeza organización...), como o contido (realización das actividades propostas e corrección das mesmas, confección de resumos, esquemas...). Tendo en conta esto, a cualificación mínima para superar cada avaliación será de 5. A realización opcional de traballos de clase con carácter voluntario poderá incrementar a nota da avaliación ata un punto, pero sempre que se acadase previamente a mínima cualificación de 5. Unha vez realizadas as operacións para o cálculo da nota, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.

Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = \frac{[(\text{Nota 1a aval.} \times 35) + (\text{Nota 2a aval.} \times 30) + (\text{Nota 3a aval.} \times 35)]}{100}$$

Se o resultado final non chega a un 5 o alumno ou alumna terá unha última oportunidade de recuperación no mes de xuño dos contidos das avaliacións nas que non acadara calificación positiva, así como unha única recuperación dos

contidos da avaliación terceira no caso de non tera superado. Consistirá nunha proba na que se examinarán de todos os criterios de avaliación das unidades didácticas pendentes. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente, e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Nas probas e traballos que se presenten por escrito terase en consideración a ortografía, a cohesión lingüística e a coherencia.

Os alumnos e alumnas que non asistan a unha proba sin motivo xustificado, serán examinados oralmente ou por escrito cando se considere oportuno.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración de actividades con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas-exame sobre ditos contidos.

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo alumno ou alumna que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica, esta deberá ser entregada no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4, calculando logo a media.

Para calcular a nota da recuperación considerarase o 60% das probas escritas e o 40% dos traballos e será o resultado de:

Nota recuperación da avaliación non superada = (Nota Exame X 0,6 + Parte práctica X 0,4)

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación.

Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado terá unha última oportunidade de recuperación no mes de xuño.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non hai alumnado coa materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

A avaliación inicial, os informes dos cursos anteriores e a información facilitada polos profesores destes cursos son os medios cos que contamos para coñecer as características dos nosos alumnos. Ademais o Departamento de Orientación facilitaranos a información individualizada de cada alumno. As medidas por tanto estarán en función das necesidades de cada alumno/a. O profesor do Departamento dende o primeiro día observará o nivel de cada alumno/a partindo da avaliación inicial e observando a desenvolvemento no traballo diario.

As medidas de adaptación e reforzo serán puntuais e serán aplicadas polo profesor aos alumnos que o precisen. Consistirán tanto en actividades de reforzo educativo para os que teñan dificultades, como actividades de ampliación para os máis capacitados. En todo caso as actividades de reforzo irán encamiñadas a conquistar que o alumno acade os mínimos esixibles fixados para cada curso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X					
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade								X
ET.4 - Emprendemento							X	
ET.5 - Comprensión lectora oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X	X	X	
ET.7 - Educación para a paz								X
ET.8 - Educación para o consumidor			X	X	X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				X
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

Observacións:

De todos os elementos transversais destacamos a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, que se traballarán en todos os temas. Practicarase a lectura comprensiva de textos en clase, a redacción por medio de resúmenes, comentarios e preguntas sobre os temas. Os demais elementos abordaranse puntualmente nos temas sinalados.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Castro de Viladonga e a Cidade de Lugo	Percorrido didáctico guiado polo castro de Viladonga e o seu museo, e visita tamén guiada ao Museo Provincial de Lugo con percorrido pola muralla.			X

Observacións:

Esta visita realizarémola durante o terceiro trimestre, e trataremos de que coincidía co desenvolvemento da unidade 12 que versa sobre a romanización da Península Ibérica e de Galicia. Tanto Viladonga como a cidade de Lugo ofrécennos un marco excepcional para complementar o achegamento a esta etapa esencial do noso pasado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalía en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección dos contidos e actividades e a súa temporalización foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relaciónanse cos intereses do alumnado
A temporalizaicón foi adecuada
As datas ds probas de avaliación foron consensuadas co alumnado
Os criterios de cualificación foron axustados
Realizouse a avaliación inicial co fin de detectar as dificultades do alumnado así como as súas necesidades de atención educativa
Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia
É ordenado nas explicacións
Explica con clareidade
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, caderno, intervencións en clase...)

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega diversos recursos
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Resolve dúbidas
Valora o esforzo
Clima de traballo na aula
Planifica leccións, ensina e avalía
Crea ambiente de aprendizaxe
Revisa a realización das tarefas propostas
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias
Outros
Cumpre co horario de clases

Descrición:

O cuestionario con este indicador e os anteriores será proporcionado ao alumnado ao final de curso por medio dunha rúbrica que cada alumno e alumna completará marcando cada item nunha escala de 1 a 4. Os resultados vannon permitir reformular determinadas actuacións e metodoloxía de cara ao seguinte curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Faremos un seguimento da programación mensual a través desta aplicaicón, anotando no diario de clase todas as incidencias que sucedan no seu desenvolvemento, as desviacións da mesma coas súas causas, e as dificultades que vaimos observando por parte do alumnado. Deste xeito trataremos de adaptala na medida do posible cando a práctica docente nolo vaia demandando e dispoemos tamén dunha información esencial que nos permitirá corrixir erros e mellorar aspectos a medida que a vaimos desenvolvendo.

Na memoria de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados